



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORTO DO SON

Corrección dun erro nas bases e convocatoria do proceso selectivo: Funcionario/a de carreira, pertencente ao grupo "C", subgrupo "C2", encadrado na Escala de Administración Xeral, Subescala de Auxiliar, baixo a denominación "Auxiliar administrativo"

ANUNCIO

Advertido un erro no anuncio publicado no BOP nº 198 de data 19/10/2022, relativo as bases reguladoras e convocatoria do proceso selectivo: Funcionario/a de carreira, pertencente ao grupo "C", subgrupo "C2", encadrado na Escala de Administración Xeral, Subescala de Auxiliar, baixo a denominación "Auxiliar administrativo" incluída na oferta de emprego público do Concello de Porto do Son para o ano 2019 (BOP nº 77 de 24.04.2019), cómpre facer a seguinte corrección:

No apartado QUINTO onde di:

- "O prazo para a presentación de instancias, no rexistro xeral do concello (Atalaia, 7. CP 15970. Porto do Son), ou de xeito telemático na Sede Electrónica do Concello de Porto do Son (<https://portodoson.sedelectronica.gal>) ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, será de **VINTE (20) DÍAS NATURAIS** contados desde o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia".

Debe dicir:

- "O prazo para a presentación de instancias, no rexistro xeral do concello (Atalaia, 7. CP 15970. Porto do Son), ou de xeito telemático na Sede Electrónica do Concello de Porto do Son (<https://portodoson.sedelectronica.gal>) ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, será de **VINTE (20) DÍAS NATURAIS** contados desde o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE)".

Porto do Son, 19 de outubro de 2022

O Alcalde

José Luis Oujo Pouso

2022/6511